

O NENO CAN, FRANCISCO CASTRO E FINA CASALDERREY

Hoxe reunímonos para o noso Club de Lectura de 1º ESO coa intención de comentar *O neno can*, un libro de relatos que aborda asuntos relacionados coa falta de dereitos que aínda hoxe en día padecen moitos nenos e nenas ao longo do mundo.



Resultou moi interesante comentar as vivencias de Leila, Carlos ou Nadim tomando como punto de partida os Dereitos do Neno que aparentemente esqueceron case todos os adultos que forman parte da vida dos protagonistas dos relatos.



O alumnado traballou dos sentimentos que sentiron ao tomar contacto coa obra: tristura, dor, medo, incomodidade... pero tamén loita, empatía, esperanza, e, sobre todo, liberdade.

